



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA VINTE E CATRO DE ABRIL DE 2012.

ALCALDE

D. Mariano Iglesias Castro.

CONCELLEIRO/AS:

PSdeG-PSOE:

D. Antonio Quindimil García.

D. Gervasio Sánchez Barreiro.

D^a Pilar Sánchez Ulloa.

D. José Fernando García Lesta.

D. Iván Méndez García.

D^a María Amparo García Pernas.

D José María Tojo Espiñeira.

PP:

D. Severino Álvarez Monteserín.

D^a María José Quindimil Suárez.

BNG:

D. José Manuel Raposo López.

SECRETARIO :

D Eladio Bendaña Pardo.

En Mesía, a 24 de abril de 2012, sendo as catorce horas, na sala de sesións da Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Corporación Municipal.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

1. APROBACIÓN DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN CELEBRADA O DÍA 3 DE FEBREIRO DE 2012.

Abre a sesión o Sr. Alcalde preguntando se por parte dos concelleiros se quere facer algunha aclaración do borrador da acta correspondente á sesión sinalada no epígrafe.

Non habendo pronunciamentos ó respecto, sometese a votación a aprobación da mesma, adoptándose o acordo por unanimidade dos membros presentes.

2. APROBACIÓN PROVISIONAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL.

O Sr. Alcalde manifesta que se trae hoxe aquí o Plan Xeral de Ordenación Municipal, para a súa aprobación provisional e posteriormente remítilo á maior brevidade posible á Consellería para a súa aprobación definitiva. As cuestións técnicas analizáronse na Comisión Informativa do pasado venres por un técnico do equipo redactor e eu pouco máis podo dicir neste asunto. Paso a palabra os voceiros dos grupos municipais.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Manifesta o Sr. Raposo que o interesante é que se aprobe o máis rápido posible e manifesta o Sr. Álvarez que na liña que vimos mantendo, imos votar a favor e darlle para adiante para que estea aprobado canto antes.

O Sr. Secretario lee a proposta que, de seguido, transcríbese literalmente:

“D. Mariano Iglesias Castro, Alcalde do Concello de Mesía, considerando os antecedentes que, sucintamente, de seguido se exponen:

En data 9 de abril de 2010 o Concello Pleno aproba inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal, incluído o Informe de sustentabilidade Ambiental, ao abeiro da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, procedéndose ó preceptivo trámite de información pública, dando audiencia ós concellos limítrofes, evacuándose as consultas preceptivas e solicitando os informes sectoriais esixidos pola lexislación vixente.

En data 19 de novembro de 2010 o Concello Pleno aproba o documento de adaptación do Plan Xeral de Ordenación Municipal á Lei 2/2010, de 25 de marzo, procedéndose a un novo trámite de información pública, dando audiencia ós concellos limítrofes, evacuándose as consultas preceptivas e solicitando os informes sectoriais esixidos pola lexislación vixente.

En data 9 de abril de 2011 o Concello Pleno aproba o documento de resolución das alegacións presentadas no trámite de información pública do Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado inicialmente e adaptado á Lei 2/2010, de 25 de marzo, documento que incorpora as modificacións derivadas das alegacións estimadas e os informes sectoriais recibidos.

En data 23 de febreiro de 2012 remítese á Consellería de Medio Ambiente o Documento Refundido coa documentación esixida no artigo 85.4 da Lei 9/2002, de 30 de decembro.

En data 11 de abril de 2012 recíbese no concello a memoria ambiental, cuxas determinacións deben terse en conta no documento de aprobación provisional.

En data 17 de abril de 2012 recíbese no concello o documento de aprobación provisional elaborado polo equipo redactor.

Por todo o que antecede, visto o ditame favorable da Comisión Informativa de seguimento do Plan Xeral de Ordenación Municipal, de conformidade co artigo 85.7 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, propoño ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Dar conformidade ó informe técnico contido no Anexo V.I. da Memoria do Plan, e, en consecuencia, estimar as alegacións con número de rexistro 414/2011 e 484/2011.

SEGUNDO.- Aprobar provisionalmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Mesía.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

TERCEIRO: Remitir o expediente completo ó órgano competente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas co fin de que resolva sobre a aprobación definitiva do Plan. En Mesía, 20 de abril de 2012. O Alcalde, Asdo./ Mariano Iglesias Castro”

Non habendo máis intervencións, o asunto é sometido a votación e obtense o seguinte resultado: unanimidade de concelleiros presentes, o que supón a maioría absoluta do número legal de membros da corporación.

3. DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO 2011: DECRETO DE APROBACIÓN E INFORME DE ESTABILIDADE.

O Sr. Alcalde da conta da proposta que, de seguido, transcríbese literalmente:

“Decreto 31/2012

D. MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde - Presidente do Concello de Mesía (A Coruña), en virtude das facultades que me confiren os artigos 191 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 90 do RD 500/1990, de 20 de abril, que desenrola a TRLFL en materia de presupostos.

Sendo requisito imprescindible a aprobación da liquidación, previo informe da Intervención.

Visto o informe da liquidación e o de estabilidade orzamentaria elaborado polos Servizos de Intervención do Concello de data 9 de febreiro de 2012.

RESOLVO:

PRIMEIRO: Aprobar a liquidación do Orzamento do 2011, no que se puxeron de manifesto as seguintes magnitudes:

<i>Dereitos pendentes de cobro a 31/12/2011</i>	<i>6.649,33€</i>
<i>Obrigas pendentes de pago á 31/12/2011</i>	<i>144.345,26€</i>
<i>Resultado presupuestario do exercicio (con axustes)</i>	<i>194.278,23€</i>
<i>Resultado presupuestario do exercicio (sen axustes)</i>	<i>191.931,08€</i>
<i>Remanente de crédito non comprometido</i>	<i>173.166,58€</i>
<i>Remanente de crédito comprometido</i>	<i>0,00€</i>
<i>Remanente de Tesourería</i>	<i>553.856,40€</i>
<i>Para gastos con financiación afectada</i>	<i>4.760,91€</i>
<i>Para gastos xerais</i>	<i>544.184,67€</i>
<i>Estado de Tesourería: Existencias totais a 31/12/2011</i>	<i>691.552,33€</i>

SEGUNDO: Dar conta da aprobación da liquidación ao Pleno na primeira sesión que se celebre.

TERCEIRO: Remitir unha copia da liquidación do Presuposto a Comunidade Autónoma e Delegación Especial de Economía e Facenda de A Coruña.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

En Mesía, a 9 de febreiro de 2012.”

Manifesta o Sr. Alcalde que destacaría dous magnitudes, o estado de tesourería, que é o que temos en bancos, e o remanente de tesourería para gastos xerais, para poder facer fronte a gastos extraordinarios. Así mesmo destacaría que o orzamento executouse nun noventa e sete por cen en gastos e nun cento once por cen en ingresos.

Da conta así mesmo que, segundo resulta do informe de estabilidade de intervención, *“A liquidación do orzamento do Concello de Mesía do ano 2011, cumpre o obxectivo de estabilidade orzamentaria, entendida como o situación de equilibrio ou superávit en termos de capacidade de financiación de acordo coa definición contida no SEC 95.”*

Non habendo máis intervencións, os concelleiros quedan enterados.

4. DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN DO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2012 EN APLICACIÓN DO ESTABLECIDO NA LEI 15/2010, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.

Manifesta o Sr. Alcalde que xa saben que ponse a súa disposición este informe, que recolle uns estadios que resultan do programa de deputación no que se reflicten uns ratios, entre outros, os períodos de pago e o pendente de pago. Non sei se queren facer algunha consideración ó respecto.

Non habendo máis intervencións, pásase ó seguinte punto da orde do día.

5. MOCIÓNS.

O Sr. Alcalde pregunta se algún grupo quere, pola vía de urxencia, presentar algunha moción. Non manifestándose nada ó respecto, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día.

6. DAR CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA (16/2012 a 93/2012).

Manifesta o Sr. Alcalde que, dado que os concelleiros xa teñen un listado cun extracto dos correspondentes decretos e resolucións, podendo consultar o seu contido íntegro na casa do concello, dálles a palabra ós portavoces dos distintos grupos políticos municipais para que soliciten as aclaración que estimen convenientes.



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Pregunta o Sr. Álvarez por un decreto de solicitude de subvención de fomento de emprego, respostando o Sr. Alcalde que son as solicitudes que se fan á Xunta e despois sempre nos conceden menos, pero creo recordar que pedimos para tres auxiliares de axuda no fogar, dous tractoristas e seis peóns.

Non manifestándose nada máis ó respecto, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día.

7. DAR CONTA DAS ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 19 DE XANEIRO, 2 E 16 DE FEBREIRO, E 1, 15 E 29 DE MARZO DE 2012.

Manifesta o Sr. Alcalde que, dado que os concelleiros teñen copia das actas, dálle a palabra ós portavoces dos distintos grupos políticos municipais para que soliciten as aclaración que estimen convenientes.

Non manifestándose nada máis ó respecto, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día.

8. ROGOS E PREGUNTAS.

Pregunta o Sr. Raposo polo número de empregados do concello e si pasou o Sr. Alcalde pola pista paralela de Visantoña e si está ó tanto dos vertidos.

Resposta o Sr. Alcalde que, en canto ó tema dos vertidos, e dependendo dos que sexan, non é a primeira vez que temos que facer soterramentos nesa zona, e, en canto á pista, algo faremos cando veña mellor tempo e teñamos xente.

En canto ó número de empregados, o vinte e sete de marzo pagáronse corenta e unha nóminas por importe de trinta e dous mil setecentos oitenta e cinco euros.

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, sendo as catorce horas e trinta minutos, levanta a sesión, da que eu, Secretario – Interventor, certifico.

Visto e Prace,